

CONCELLO DE ARANGA

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL



CATÁLOGO DE PATRIMONIO



MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P.

DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL SETEMBRO DE 2013

CATÁLOGO DE ARQUITECTURA

1.- INTRODUCCIÓN

2.- GRAOS DE PROTECCIÓN

- 2.1. PROTECCIÓN INTEGRAL
- 2.2. PROTECCIÓN ESTRUCTURAL
- 2.3. PROTECCIÓN AMBIENTAL OU TIPOLÓXICA
- 2.4. PROTECCIÓN DO ESPAZO EXTERIOR

3.- DEFINICIÓN DOS NIVEIS DE INTERVENCIÓN

- 3.1 OBRAS DE CONSERVACIÓN
- 3.2. OBRAS DE CONSOLIDACIÓN
- 3.3. OBRAS DE RESTAURACIÓN
- 3.4. OBRAS DE RECUPERACIÓN
- 3.5. OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN
- 3.6. OBRAS DE NOVA PLANTA OU AMPLIACIÓN
- 3.7. OBRAS DE REFORMA INTERIOR
- 3.8. OBRAS DE REFORMA EXTERIOR

4.- RELACIÓN DE BENS A CATALOGAR

5.- LISTADO DE ELEMENTOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE EN RELACIÓN AO CATÁLOGO DO PXOM

6.- ELEMENTOS PERTENCENTES Ó CONXUNTO HISTÓRICO DA VILA DE NOIA RECOLLIDOS NO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN

CATÁLOGO DE ARQUEOLOXÍA

1.- ORDENANZAS REGULADORAS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE NOIA

- 1.1 DEFINICIÓN DE PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO
- 1.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN
- 1.3. MECANISMOS DE ALTAS E BAIXAS NO CATÁLOGO
- 1.4. REGULACIÓN DA PROTECCIÓN A APLICAR
- 1.5 ACHADOS NON PREVISIBEIS
- 1.6. INFRACCIÓNS Á PRESENTE ORDENANZA

2.- INVENTARIO DE ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS CATALOGADOS

**CATÁLOGO DE
ARQUITECTURA**

1. INTRODUCCIÓN

Este Documento constitúe a relación de elementos arquitectónicos e etnográficos do Concello de Aranga, obxecto de especial protección polas súas calidades históricas, artísticas, culturais e naturais, que se consideran Patrimonio, e necesitan dos mecanismos apropiados que garantan a súa correcta protección e conservación. Ten carácter aberto polo que existe a posibilidade de incorporar, a partir da aprobación destas Normas, outros Elementos do Patrimonio que se consideren a protexer.

Se no apartado de Normativa Urbanística, definíase a clasificación de solo afectado pola existencia dun Elemento do Patrimonio, aquí defíniranse aqueles condicionantes que afectan ó propio elemento no referente a unha posible intervención, establecéndose os diferentes Graos de Protección. Defíniranse ademais os diferentes niveles de intervención, que irán asociados a cada Grao de Protección proposto.

Consonte o establecido na Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia, os actos suxeitos a licenza municipal que afecten a elementos catalogados e aos seus contornos de protección, estarán sometidos a autorización preceptiva e vinculante da Consellería de Cultura.

2. GRAOS DE PROTECCIÓN

2.1 PROTECCIÓN INTEGRAL:

Constitúe o grao de protección total ou integral daqueles Elementos do Patrimonio con notables calidades arquitectónicas, ou singulares, de grande valor e rareza, que precisan dun mecanismo de protección adecuado ó seu valor e importancia histórico-artística, cultural ou etnográfica.

Gozarán especificamente deste nivel de protección os elementos do Patrimonio Arquitectónico que contén con declaración de Ben de Interese Cultural, así como os que deban incluírse nesta categoría por definición regulamentaria.

Conta con declaración de Ben de Interese Cultural:

- Castelo de Aranga:

Declaración de Bien de Interés Cultural con categoría de sitio histórico, por Decreto 299/2008 de 30 de diciembre (B.O.E. 28-02-09) e a Ley 16/1985 sobre el Patrimonio Histórico Español.

Sentencia 417/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula a delimitación do entorno de protección do Anexo II do Decreto 299/2008.

Torre de Teodomiro:

Declaración de Bien de Interés Cultural con categoría de sitio histórico, por Decreto 299/2008 de 30 de diciembre (B.O.E. 28-02-09) e a Ley 16/1985 sobre el Patrimonio Histórico Español.

Sentencia 417/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula a delimitación do entorno de protección do Anexo II do Decreto 299/2008.

Asígnase este grao de protección ás igrexas, pazos, casas señoriais, etc. cunhas calidades artísticas e valor histórico excepcionais e que merecen ser conservadas.

Serán de aplicación os criterios de intervención definidos para a Protección Monumental que fan referencia ó artigo 39 da Lei 8/95.

Permítense as obras de conservación, consolidación, restauración, recuperación e reconstrución.

O resto de actuacións non serán autorizables. Os edificios ós que se outorgue este nivel de protección consolidarán o volume construído actual, sen prexuízo da posibilidade de autorizar, previo informe favorable da Consellería de Cultura, actuacións concretas para elementos anexos e complementarios que non supoñan novas unidades residenciais.

2.2. PROTECCIÓN ESTRUCTURAL:

Asígnase este grao a todos aqueles Bens de certo valor, xa sexa pola súa condición histórica local ou rexional, polas súas calidades artísticas ou valor cultural, pero que teñen menor importancia que os de Protección Integral.

A súa importancia pode darse por ter de maneira puntual e localizada elementos de gran valor artístico; por seren construcións de calidade destacable con elementos ou partes realizados con oficios nobres ou simplemente por gozar de certa soleira ou prestixio popular ó constituírse como un fito histórico.

Forman este grupo, algunhas igrexas e cemiterios, capelas, pazos, casas solaregas ou reitorais, etc.

Para este grao de protección permítense obras de conservación, consolidación, restauración, reconstrución, recuperación e reforma interior.

O resto de actuacións entenderanse non autorizables a non ser que por circunstancias especiais sexan autorizadas pola Consellería de Cultura por tratarse de elementos de titularidade pública ó servizo da colectividade, como equipamentos e dotacións, tralas xustificacións necesarias.

Calquera intervención nun elemento así clasificado, deberá realizarse baixo a competencia e control da Comisión Territorial de Patrimonio.

2.3. PROTECCIÓN AMBIENTAL OU TIPOLÓXICA:

Correspóndelle este grao de protección a aqueles Elementos que constitúen unha referencia ou exemplo no contexto dunha tipoloxía determinada sen ter unhas calidades históricas ou artísticas importantes.

O seu valor radica nunhas calidades técnico-construtivas tradicionais ou populares.

É por isto que nesta categoría inclúense os elementos de arquitectura popular nos seus diferentes contextos (rural, urbano), os elementos etnográficos ou ben aqueles elementos que teñen detalles puntuais elaborados con técnicas ou oficios tradicionais e que é preciso conservar.

Permítense tódolos tipos de obras definidos neste catálogo, sendo en calquera caso necesario ó control por parte da Consellería de Cultura para poder obter licenza municipal.

2.4 PROTECCIÓN DO ESPAZO EXTERIOR:

Corresponde este grao ós espazos exteriores nos que o valor requira a súa protección. Pode tratarse de espazos no ámbito urbano, tales como prazas ou rúas enteiras ou espazos no ámbito rural como campos de festa, prazas, carballeiras, etc.

Por tratarse de espazos públicos, o seu carácter de sistema está especificado na Normativa.

Preténdese conservar o aspecto orixinal destes espazos protexéndoos daquelas instalacións permanentes ou temporais, tales como iluminación, casetas, postos de venta, palcos de música, etc., que non poderán ocupar máis que o 10% da superficie total. A posta de iluminación temporal farase con especial coidado no referente ós puntos de ancoraxe. Non está permitido cravar ningún tipo de elemento auxiliar ou cartel nas árbores integradas nestes espazos.

Permítense obras de conservación, consolidación, restauración, reconstrución, recuperación e nova planta.

Calquera intervención nun elemento así clasificado, deberá realizarse baixo o control da Comisión Territorial de Patrimonio.

3. DEFINICIÓN DOS NIVEIS DE INTERVENCIÓN

3.1. OBRAS DE CONSERVACIÓN:

Son aquelas accións que supoñen o mantemento do ben co fin de conservalo en bo estado sen que por isto se afecte negativamente a elementos artísticos, fachadas, estrutura, etc.

Entra dentro desta clasificación a limpeza, sempre e cando non sexa agresiva (chorro de auga a presión, etc.); a restitución de elementos non artísticos como tellas, vidros, etc.; a pintura de elementos xa pintados; etc.

3.2. OBRAS DE CONSOLIDACIÓN:

Son as necesarias para mante-la estabilidade do Ben dende un punto de vista estrutural. Afecta por tanto a aqueles elementos integrantes da estrutura como muros, vigas, cimentación, arcos, bóvedas, etc.

Cando as circunstancias esixan a substitución ou reelaboración de pezas ou elementos completos dun determinado sistema estrutural que estivera danado ou en mal estado utilizaranse materiais similares ós existentes.

Non obstante o anterior, será preciso establece-los tratamentos oportunos no novo elemento mediante textura, color, etc. a fin de que se diferencien suficientemente as partes orixinais das de nova execución.

Cando se proceda a elaborar elementos estruturais ausentes poderase, de forma xustificada, empregar materiais e técnicas modernas para incidir, si cabe, en ditas diferenzas. En calquera caso, os novos elementos responderán ós mesmos principios da estática que os orixinais, resolvendo o mesmo tipo de solicitation.

Toda obra de consolidación realizarase segundo proxecto redactado por Técnico Superior.

3.3. OBRAS DE RESTAURACIÓN:

Considéranse obras de restauración aquelas que precisan de técnicas precisas e específicas de cara ó mantemento e tratamento de patoloxías que afectan ás diferentes partes do Ben. Estas poden ter orixe en elementos de carácter artístico, o que supón o coñecemento profundo das artes e oficios tradicionais (carpintería, talla, policromía, oficios do metal, cantería, etc.) para a súa intervención.

É por isto que toda obra de restauración debe ser executada e controlada por técnico especialista en restauración baixo control dun Técnico Superior.

3.4. OBRAS DE RECUPERACIÓN:

As obras de recuperación son aquelas que se realizan co fin de recupera-lo estado orixinal dun Elemento do Patrimonio no suposto de que ó longo do tempo sufrira alteracións de diversa índole. Estas alteracións pódense referir a cambios nos materiais que conforman determinados elementos construtivos e que resultan indecorosos ou inadecuados.

Noutros casos puidera referirse á construción de engadidos en tempos pasados e que hoxe en día resulten improcedentes.

É por isto que as obras de recuperación implican a substitución ou demolición de elementos ou partes do Ben para a súa posterior execución fiel ó existente no seu estado orixinal.

Cando non existan argumentos capaces de definir cal era o estado orixinal dun determinado Elemento do Patrimonio (falla de datos históricos, dificultade expresa, etc.) poderase propor solucións modernas capaces de potencia-los valores inherentes á propia natureza do Ben.

Estas estarán convenientemente xustificadas na memoria do proxecto técnico, que ademais exporá as investigacións realizadas que fagan de soporte á proposta de intervención.

3.5. OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN:

Son aquelas nas que o fin é a reconstrucción dunha parte ou totalidade do Ben tras producirse a súa ruína o desaparición.

Este tipo de obras require, si cabe, un maior esforzo de xustificación da proposta de intervención pois dependendo das circunstancias de cada caso (grao de perda do elemento orixinal, importancia histórico-artística, etc.) optarase por una determinada solución.

Como criterio xeral terase en conta que as reconstruccións que afecten a elementos parciais serán fieis ó resto das partes que se conserven. Pola contra, na medida en que a perda do Elemento do Patrimonio sexa maior, a reconstrucción poderá gozar de elementos de reinterpretación máis libres e menos condicionados por técnicas e materiais tradicionais.

En calquera dos casos, as obras de reconstrucción refugarán de imitacións superfluas e carentes de contido. Estableceranse as medidas tendentes a diferencia-lo novo do preexistente tendo sempre en consideración conceptos básicos como a integración, o respecto e posta en valor do que se pretende protexer, etc., utilizando elementos de composición adecuados e xustificados como a escala, o volume, a proporción ...

3.6. OBRAS DE NOVA PLANTA OU AMPLIACIÓN:

Son aquelas que se realizan dentro do ámbito de protección integral dun determinado Elemento do Patrimonio ou ben que sen afectar a dito ámbito, supoñen unha variación ou modificación do Ben por canto afecta as súas condicións volumétricas orixinais.

Considéranse obras de nova planta ou ampliación aquelas que se desenvolven en contacto directo co Ben e afectan as súas condicións de volume, xa sexa polo aumento da súa altura, o número de plantas ou por ser obxecto de engadidos ou anexos volumétricos.

Tamén se consideran obras de nova planta ou ampliación aquelas que teñen lugar nun recinto ou finca obxecto de protección integral aínda que a súa localización se encontre distante dos elementos construídos que compoñen o conxunto.

Para calquera dos casos e no suposto de que a obra de nova planta ou ampliación sexa permitida polo grao de protección asignado, será de aplicación a ordenanza respectiva segundo a clase de solo que afecta a cada elemento protexido a fin de determinar parámetros relativos ás condicións de parcela, ocupación, edificabilidade, etc.

Dende o punto de vista dunha posible intervención será necesario formular na memoria xustificativa do proxecto técnico os criterios de deseño e de proxecto tidos en conta en relación á posta en valor do elemento protexido así como garanti-la integración da obra nova no conxunto.

3.7. OBRAS DE REFORMA INTERIOR:

Son as realizadas intramuros dunha edificación e que, polo tanto, non afectan ás condicións exteriores como fachadas, ocos, cuberta, etc. No interior deberán respectarse tódolos muros ou elementos estruturais verticais. Permítense as modificacións de particións interiores así como a dotación de todo tipo de instalacións necesarias para que se cumpran as condicións de habitabilidade e hixiénico-sanitarias.

OBRAS DE REFORMA EXTERIOR:

3.8. Neste tipo de obras permítense realizar cambios nas fachadas, como apertura e cegue de ocos, e a cuberta, sempre e cando se respecten os elementos tipolóxicos como por exemplo a proporción dos ocos, a ausencia de aleiros, etc., e se cumpra coas condicións que fixe a ordenanza reguladora do solo.

Utilizaranse sempre materiais tradicionais propios do entorno, quedando expresamente prohibidos os materiais cerámicos de fachada, a utilización do bloque de formigón ou a utilización de pinturas con cores alleas ó entorno ou a tradición do lugar.

4. RELACIÓNS DE BENS A CATALOGAR

As coordenadas UTM resaltadas en negra substitúen ás que figuran no listado da Dirección Xeral de Patrimonio.

Nº de Ficha:

1.- ARQUITECTURA RELIXIOSA	UTM X, Y
1.1.- Igrexa Parroquial de San Paio de Aranga. Aranga	579900, 4787616
1.2.- Igrexa Parroquial de San Pedro de Cambás. Cambás	584049, 4790814
1.3.- Igrexa Parroquial de San Pedro de Feás. Feás	574630, 4788757
1.4.- Igrexa Parroquial de San Vicente de Fervenzas. Fervenzas	573189, 4784695
1.5.- Igrexa Parroquial de San Cristovo de Muniferral. Muniferral	577022, 4787988
1.6.- Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilarraso. Vilarraso	579140, 4781654
1.7.- Ermida de San Salvador. Pereira. Aranga	580267, 4788966
1.8.- Capela da Virxe das Dores. O Carballal. Aranga	582981, 4785378
1.9.- Capela de San Cibrao. Pousadoiro. Aranga	580699, 4784676
1.10.- Ermida de San Vitorio. Cambás	586334, 4792219
1.11.- Ermida de San Roque. Flores. Feás	573694, 4788369
1.12.- Capela de San Salvador. S. Salvador de Milreu. Fervenzas	575152, 4783594
1.13.- Capela de San Xusto. Orosa. Vilarraso	581134, 4783194
1.14.- Capela de San Antonio. A Reborica. Aranga	582899, 4783258

Nº de Ficha:

2.- CRUCEIROS	UTM X, Y
2.1.- Cruceiro de San Paio de Aranga. Aranga	579891, 4787600
2.2.- Cruceiro de San Pedro de Cambás	584009, 4790822
2.3.- Cruceiro de San Pedro de Feás	574663, 4788659
2.4.- Cruceiro de San Vicente de Fervenzas	573151, 4784743
2.5.- Cruceiro de San Cristovo de Muniferral	577058, 4787997
2.6.- Cruceiro da Loba. Cambás	585528, 4793294
2.7.- Cruceiro da Ermida de San Salvador. Pereira, Aranga	580254, 4788963
2.8.- Cruceiro en Carballal (de Carballiños). Aranga	582900, 4785425
2.9.- Cruceiro da Capela de San Cibrao. Pousadoiro. Aranga	580686, 4784687
2.10.- Cruceiro da Ermida de San Vitorio. Cambás	586344, 4792226
2.11.- Cruceiro da Ermida de San Roque, Flores. Feás	573892, 4788415
2.12.- Cruceiro da Capela de San Salvador. S. Salvador de Milreu. Fervenzas	574965, 4783582

Nº de Ficha:

3.- CASAS REITORAIS	UTM X, Y
3.1.- Casa Reitoral de San Paio de Aranga. Ponte Aranga. Aranga	579904, 4787651
3.2.- Casa Reitoral de San Pedro de Cambás. O Gallado. Cambás	584178, 4790647
3.3.- Casa Reitoral de San Pedro de Feás. Ribadevila. Feás	574837, 4788280
3.4.- Casa Reitoral de San Vicente de Fervenzas. A Igrexa. Fervenzas	573177, 4784656
3.5.- Casa Reitoral de San Lourenzo de Vilarraso. Os Ferreiros. Vilarraso	579124, 4781946

Nº de Ficha:

4- ARQUITECTURA SEÑORIAL	UTM X, Y
4.1.- Casa do Concello (Antiga Casa de Traba). Aranga	580020, 4787496
4.2.- Casa en Congostro. Aranga	580687, 4787039
4.3.- Pazo do Vinculeiro. A Lagoa. Feás	574469, 4788577
4.4.- Casa de Castelos. Castelos. Muniferral	577622, 4788264

Nº de Ficha:

5- FORTIFICACIÓNS	UTM X, Y
5.1.- Torre de Teodomiro. Monte do Gato. Fervenzas	
5.2.- Castelo de Aranga. O Barreiro, Aranga	580645, 4786694

Nº de Ficha:

6.- PONTES	UTM X, Y
6.1.- Ponte de Aranga. Ponte Aranga. Aranga	580023, 4787454
6.2.- Ponte da Veiga. A Veiga. Aranga	577753, 4789164
6.3.- Ponte Vella da Castellana. Castellana. Vilarraso	580043, 4782115
6.4.- Ponte Nova da Castellana. Castellana. Vilarraso	580043, 4782137
6.5.- Ponte en Sisalde. Muniferral	576664, 4788366
6.6.- Ponte Costeira. Vilarraso	579369, 4781744
6.7.- Ponte dos Carneiros. Os Carneiros. Vilarraso	578559, 4779786

Nº de Ficha:

7.- ARQUITECTURA POPULAR	UTM X, Y
7.1.- Conxunto etnográfico na Aldea de Abaixo, A Reborica. Aranga	582703, 4783369
7.2.- Conxunto etnográfico nas Barbudas de Arriba. As Barbudas. Aranga	582356, 4786689
7.3.- Casa vivenda, Carballal. Aranga	582868, 4785410
7.4.- Conxunto de casa vivenda e hórreo. A Irixe. Aranga	579981, 4787711
7.5.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e alpendres. Manide. Aranga	578493, 4789832
7.6.- Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo e anexos, Maques. Aranga	582504, 4785493
7.7.- Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo e alpendres. Pousadoiro. Aranga	580487, 4785417
7.8.- Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo e alpendres. Pousadoiro. Aranga	580475, 4784397
7.9.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e anexos. Soutullo. Aranga	579438, 4785578
7.10.- Conxunto de casa vivenda e hórreo. A Veiga. Aranga	577554, 4789471
7.11.- Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo e alpendres. Vilares. Aranga	583780, 4785410
7.12.- Conxunto de casas vivenda, hórreos e alpendres. Gomil. Aranga	580284, 4787247
7.13.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e alpendres. Roibos. Aranga	579298, 4788627
7.14.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e alpendres. Baltar. Cambás	583163, 4789310
7.15.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e alpendres. Baltar. Cambás	583220, 4789268
7.16.- Conxunto de casa vivenda, palleira e hórreo. A Ermida. Cambás	583374, 4789658
7.17.- Conxunto etnográfico de Espiñeira. Cambás	583317, 4791975
7.18.- Vivenda na Lousa. Cambás	586071, 4790502
7.19.- Conxunto de casa vivenda, alpendre, palleira e hórreo. Portomazás. Cambás	581986, 4789203
7.20.- Conxunto de palleira, hórreo e eira, Caínzos. Cambás	586065, 4791896
7.21.- Conxunto de casa vivenda, eira, hórreo e alpendres. A Aturela. Feás	574766, 4788561
7.22.- Alpendres e hórreos. Cazuín. Feás	575379, 4787062
7.23.- Eira. A Aturela. Feás	574757, 4788504
7.24.- Casa vivenda con sobrado. Mende/O Painzal. Fervenzas	573136, 4784331
7.25.- Conxunto de vivendas, hórreos e alpendres. Fongarandón. Fervenzas	574062, 4784087
7.26.- Conxunto de casa vivenda, hórreo e alpendre (Casal de Picha). A Igrexa. Fervenzas	573084, 4784744
7.27.- Palleira en San Salvador de Milreu. Fervenzas	575071, 4783621
7.28.- Conxunto de palleira, hórreo e eira. Vallo. Fervenzas	574532, 4782714
7.29.- Conxunto de vivenda, hórreo, alpendres e muíño. A Costa. Muniferral	577300, 4787841
7.30.- Conxunto de casa vivenda, palleira e alpendre. Cerdelo. Muniferral	577900, 4785916

7.31.-	Conxunto de casa vivenda, palleira e alpendres. A Falgarosa. Miniferral	577118, 4785812
7.32.-	Conxunto de casa vivenda, palleiras, hórreos e eiras. Curra. Muniferral	576027, 4787239
7.33.-	Casa vivenda no Regueiral. Muniferral	577096, 4787834
7.34.-	Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo. Carballo Torto. Vilarraso	579341, 4784678
7.35.-	Conxunto de vivenda, palleira, hórreo e alpendres. Vilarraso. Vilarraso	579085, 4781738
7.36.-	Conxunto de casa vivenda, palleira e hórreo. Os Amenedos. Orosa Vilarraso	581190, 4783372
7.37.-	Conxunto etnográfico da Bouza. Orosa. Vilarraso	580861, 4783772
7.38.-	Conxunto etnográfico da Aldea. Orosa. Vilarraso	581005, 4783472
7.39.-	Conxunto de casa vivenda, palleira, hórreo e alpendre. Aldea de Arriba. Vilarraso	579124, 4782201
7.40.-	Casas tradicionais. Torrelavandeira. Fervenzas	575955, 4782512
7.41.-	Casas tradicionais. Negrelle. Cambás	583613, 4788026
7.42.-	Postos da Feira. O Gallado. Cambás	583936, 4790877
7.43.-	Casa na Rilleira. Cambás	582044, 4788912
7.44.-	Alpendres e hórreos en Sopazo. Cambás	582555, 4789300

Nº de Ficha:

8.- MUÍÑOS	UTM X, Y
8.1.- Muíño en Ponte Aranga. Aranga	580419, 4787333
8.2.- Muíño en Aranga (no rego do Muíño Vello). Aranga	579962, 4787938
8.3.- Muíño en Maques. Aranga	582503, 4784715
8.4.- Muíño en Soutullo. Aranga	579289, 4785895
8.5.- Muíño en Cabo de Aldea. Cambás	583281, 4791342
8.6.- Muíño en Cabo de Aldea. Cambás	583624, 4791517
8.7.- Muíño no Gallado. Cambás	584264, 4790595
8.8.- Muíño nas Ucheiras. Cambás	585039, 4791450
8.9.- Conxunto de muíños en Negrelle. Cambás	583259, 4787907
8.10.- Muíño das burras. Portos Calvos. Fervenzas	575732, 4784939
8.11.- Muíño no Mato. Fervenzas	574587, 4784167
8.12.- Conxunto de muíños no Río de Bexo. Fervenzas	574353, 4784038
8.13.- Muíño na Carballeira. Fervenzas	573840, 4783910
8.14.- Muíño de Seoane. Vilidón. Muniferral	578671, 4788080
8.15.- Muíño na Costa. Muniferral	577310, 4787862
8.16.- Muíños no Pereiro. Muniferral	576683, 4788303
8.17.- Muíños no Rego da Fraga. Muniferral	578214, 4788424

8.18.- Muíño na Ponte Vella. Vilarraso	579946, 4782026
8.19.- Muíño en Vilourís. Vilarraso	578074, 4783552
8.20.- Maquía na Veiga. Aranga	577634, 4789268
8.21.- Xerador eléctrico. A Espiñeira. Cambás	583561, 4791973
8.22.- Muíño do Carballo. O Gallado. Cambás	584205, 4790735
8.23.- Muíño en Vilarraso. Vilarraso	579475, 4782379

Nº de Ficha:

9.- FONTES	UTM X, Y
9.1.- Fonte da Milagrosa Santa Cruz. Ponte Aranga. Aranga	579780, 4787595
9.2.- Fonte da Fame. Ponte Aranga. Aranga	579934, 4787640
9.3.- Fonte e lavadoiro en Pedramaior. Aranga	583053, 4786382
9.4.- Fonte na Veiga. Aranga	577478, 4789536
9.5.- Fonte en Ribadevila. Feás	574872, 4788341
9.6.- Lavadoiro na Fonte. Feás	574740, 4788364
9.7.- Fonte en Ponte Aranga. Aranga	580048, 4787494
9.8.- Fonte Santa. A Vila. Muniferral	573201, 4784385
9.9.- Lavadoiro no Painzal. Fervenzas	573209, 4784392

Nº de Ficha:

10.- HÓRREOS.	UTM X, Y
PROTECCIÓN XERAL A TODOS, DE MÁIS DE CEN ANOS DE ANTIGÜIDADE, SEGUNDO DECRETO 571/1963, DO 14 DE MARZO, E CONSIDERADOS B.I.C. POLA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DA LEI 16/85, DO 25 DE XUÑO, DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL	
10.1.- Hórreo na Fraga Chá. Cambás	581875, 4787790
10.2.- Hórreo en Rilleira. Cambás	582039, 4788870
10.3.- Hórreo en Espiñeira. Cambás	583245, 4791873
10.4.- Conxunto de hórreo e eira. Sudreira. Muniferral	576720, 4786719
10.5.- Hórreo na Figueira. Muniferral	577294, 4788011
10.6.- Hórreo en Flores. Feás	573820, 4788306
10.7.- Hórreo, alpendre e eira en Ribadevila. Feás	574872, 4788327
10.8.- Hórreo e alpendre en San Salvador de Milreu. Fervenzas	575111, 4783576

Nº de Ficha:

11.- POMBAIS.

UTM X, Y

11.1.- Pombal da Casa Reitoral de S Paio de Aranga. Ponte Aranga. Aranga 579922, 4787640

Nº de Ficha:

12.- MINAS.

UTM X, Y

12.1.- Mina da Reborica. Aranga 584704, 4784078

5. LISTADO DE ELEMENTOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE EN RELACIÓN AO CATÁLOGO DO PXOM.

Elemento recollido pola D.X. de Patrimonio Cultural	Código no P.X.O.M.
Parroquia: Aranga (San Paio)	
Capela da Ermida. Lugar de Pereira. Aranga	1.7
Capela da Virxe das Dores en Carballal. Aranga	1.8
Capela de San Antonio da Reborica. Aranga	1.14
Casa con hórreo en Maques. Carballal. Aranga	7.6
Casa en Congostro. Aranga	4.2
Casa en Eirixe. Aranga	7.4
Casa Reitoral. Aranga	3.1
Castelo de Aranga. Aranga	5.2
Cruceiro da Ermida de San Salvador de Pereira. Aranga	2.7
Cruceiro de San Cibrao de Pousadoiro. Aranga	2.9
Cruceiro de San Paio de Aranga.	2.1
Ermida de San Xusto de Orosa. Aranga	1.13
Fonte da Milagrosa en Aranga	9.1
Fonte da Santa Cruz. Aranga	9.2
Hórreo en Irixé. Aranga	Incluído na ficha 7.4
Igrexa parroquial de San Paio. Aranga	1.1
Muíño en Aranga	8.2
Pombal da Reitoral. San Paio de Aranga	11.1
Ponte de Aranga. Aranga	6.1
Torre de Teodomiro. Monte do Gato	5.1
Parroquia: Cambás (San Pedro)	
Casa Reitoral. Cambás	3.2
Conxunto de casas populares. Negrelle. Cambas	7.41
Conxunto de casas populares. Rilleira-Sopazo. Cambas	7.43 / 7.44
Cruceiro da Loba (Monte da Loba). Cambas	2.6
Cruceiro de San Pedro de Cambas en O Gallado	2.2
Cruceiro de San Vitorio en Os Cainzos. Cambas	2.10
Ermida de San Vitorio. Cambas	1.10
Igrexa parroquial de San Pedro. Cambás	1.2
Postos da Feira no Gallado. Cambas	7.42
Parroquia: Feás (San Pedro)	
Casa Reitoral. Feás	3.3
Cruceiro de San Pedro de Feas.	2.3
Cruceiro de San Roque de Flores. Feas	2.11
Ermida de San Roque. Lugar de Froles. Feas	1.11
Hórreo do Pazo Vinculeiro en Feás	Incluído na ficha 4.3
Hórreo en Aturela. Feas	Incluído na ficha 7.21
Hórreo en Flores. Feás	10.6
Hórreo en Ribadevila. Feás	10.7
Igrexa parroquial de San Pedro. Feás	1.3
Lavadoiro en A Fonte. Feás	9.6
Pazo do Vinculeiro. Feás	4.3

Parroquia: Fervenzas (San Vicente)

Alpendre en San Salvador de Milreo. Fervenzas	10.8
Capela de San Salvador de Milreo. Fervenzas	1.12
Casal de Picha. Fervenzas	7.26
Conxunto de casas populares. Torrelavandeira. Fervenzas	7.40
Cruceiro de San Salvador de Milreo. Fervenzas	2.12
Cruceiro de San Vicente de Fervenzas	2.4
Hórreo en San Salvador de Milreo. Fervenzas	10.8
Igrexa parroquial de San Vincenzo. Fervenzas	1.4
Lavadoiro en O Painzal. As Fervenzas	9.9

Parroquia: Muniferral (San Cristobal)

Casa de Castelos. Muniferral	4.4
Cruceiro de San Cristovo de Muniferral	2.5
Hórreo da Casa de Castelos. Muniferral	Incluído na ficha 4.4
Igrexa parroquial de San Cristovo. Muniferral	1.5
Muíño de Castelos. Muniferral	Incluído na ficha 4.4

Parroquia: Vilarraso (San Lourenzo)

Igrexa parroquial de San Lourenzo. Vilarraso	1.6
Muíño en Vilarraso	8.23
Ponte Nova da Castellana. Villarraso	6.4
Ponte Vella da Castellana. Foxado/Vilarraso	6.3

**CATÁLOGO DE
ARQUEOLOXÍA**

1. ORDENANZAS REGULADORAS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE ARANGA

1.1.-DEFINICIÓN DE PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO:

